



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU90502:67
SITUACIÓN: DIAZ CASTRO Nº 6-1º C - LUGO

Por resolución da xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo de data 21 de abril de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU90502:67, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a MARIA TERESA LAREU FERNANDEZ (nº de credencial 61,806)), unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial **en Lugo**

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.

2. Declarar directamente adquirente a don/a MARIA TERESA LAREU FERNANDEZ (nº credencial 61806)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da **Lei 30/1992**, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 12 de maio de 2014.

O/A xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas



Carlos Vila Pérez